

Xoves, 20 de xullo de 2023

Núm. 140

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VILABOA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO ALCALDE NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

ANUNCIO

Fago pública a Resolución da Alcaldía 2023-0590

EXPEDIENTE 1277/2023.

DECRETO DE ALCALDÍA

Considerando que o alcalde pode delegar o exercicio das súas atribucións na Xunta de Goberno Local co fin de axilizar a xestión administrativa, de conforme os artigo 21.3 e 23.1.b da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, **DISPOÑO:**

PRIMEIRO: Delegar as seguintes atribucións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local:

a) A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

b) A resolución de expedientes de licenzas urbanísticas e restablecemento da legalidade urbanística, en materia da súa competencia, de conformidade coa Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

c) A aprobación de convenios ou acordos de colaboración con entidades do sector público públicas en todos os ámbitos de actuación do Concello que sexan da competencia da Alcaldía

d) A aprobación da convocatoria de subvencións e a concesión das mesmas .

Polo que respecta á tramitación dos expedientes que resolva por delegación a Xunta de Goberno Local, corresponderá á Alcaldía a iniciación dos mesmos, mediante providencia, así como o seu impulso, ordenación e instrución e, en xeral, a realización de calquera acto de trámite. Todo isto, sen prexuízo das facultades delegadas a favor dos concelleiros.

SEGUNDO. Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro municipal e no Portal de Transparencia, tendo efecto dende o día seguinte ao da súa adopción.

TERCEIRO. Comunicar o contido desta resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que celebre para a súa aceptación, de conformidade co artigo 114.1 do Real Decreto 2.568/1986, do 28 de novembro.



Xoves, 20 de xullo de 2023

Núm. 140

CUARTO. Dar conta ao Pleno deste acordo na próxima sesión que se celebre.

QUINTO. Os actos administrativos que sexan ditados por delegación indicarán, expresamente, esta circunstancia, mediante a inclusión, na parte expositiva, do texto: “Considerando que a adopción deste acordo é competencia da Alcaldía, en virtude da delegación acordada por Resolución nº ...”

O alcalde, César Poza González

